



CONDICIÓN XERAIS DE VENDA DE SANDE Y DÍAZ, S.L. (CONTRATO DE COMPRA-VENDA)

Os termos das presentes condicións xerais de venda serán de aplicación á presente oferta realizada por SANDE Y DÍAZ, S.L., con CIF B15033558 e enderezo na R/ Nóvoa Santos, nº 11, baixo, 15006 A Coruña, España (en adiante o vendedor) que fora aceptada polo cliente (en adiante o cliente ou comprador), e se convierten en parte do contrato de compra-venda. De tódolos xeitos, prevalecerán as condicións particulares expresadas na oferta.

1. Aceptación de pedidos

Os clientes deberán remitir por escrito a SANDE Y DÍAZ, S.L. unha ORDE DE PEDIDO (por exemplo a aceptación da oferta enviada) asinada por persoa autorizada, e no seu caso realiza-lo pagamento correspondente segundo as condicións de pagamento, para que o pedido se considere aceptado. A sinatura da ORDE DE PEDIDO polo cliente implica a conformidade deste co expresado no mesmo, así como coas presentes condicións xerais de venda que afirma coñecer e aceptar. SANDE Y DÍAZ, S.L. resérvase o dereito a rexeita-los pedidos recibidos baseándose en criterios xustificadas.

2. Prezos

Os prezos que figuran na oferta son Ex-works (no noso local da Coruña) de acordo cos INCOTERMS 2000.

3. Transmisión do risco

A transmisión do risco de menoscabo ou perda da Mercadoría ó Cliente producirase de conformidade co INCOTERM indicado no contrato e, no seu defecto, co INCOTERM EX WORKS (INCOTERMS2000). Nas vendas en España, a transmisión do risco producirase:

- Coa entrega ó primeiro porteador, se o contrato inclúe transporte de mercadorías.
- Noutros casos, dende que se poña á súa disposición.

4. Reserva de dominio

SANDE Y DÍAZ, S.L. resérvase o dominio dos equipos suministrados ou no seu caso instalacións, con expresa prohibición para o adquirente da súa cesión a terceiros sen autorización escrita do vendedor, ata o seu pagamento completo.

5. Cesión

O Cliente non poderá ceder, gravar ou transferir de calquera xeito o presente contrato, nin os dereitos ou obrigas que agromen do mesmo, sen o consentimento escrito do Vendedor.

6. Prazo de entrega

O prazo de entrega ofrecido é unha estimación e está suxeito á completa definición técnica e económica do suministro. Calquera variación de especificacións, medidas, calidades, condicións económicas, retrasos na recepción de pagamentos iniciais ou de anteriores pedidos, planos para aprobación, ou controversias, poderán implicar unha demora no prazo indicado. As demoras por causa do transporte do suministro non serán imputables a SANDE Y DÍAZ, S.L. Cando se trate de instalacións non se contabilizarán as demoras debidas a causas alleas ó vendedor, aínda que sexa parcialmente.

7. Condicións de pagamento

Salvo pacto expreso en contra, o prazo de pagamento non será superior ós 60 días naturais a partires da data da factura. O comprador facilitará ó vendedor o documento de pagamento acordado (cheque, pagaré, ou outro válidamente admitido) dentro dos 30 días seguintes á data da factura. Sen prexuízo dos límites anteriores, estipúlense as seguintes condicións de pagamentno segundo a orde de pedido cursada.

- Primeira operación: CONTADO á aceptación de pedido (pagamento previo á entrega).



- Pedidos menores de 100 €: CONTADO, cheque ou pagaré á entrega do suministro.
- Pedidos entre 100 € e 10.000 €: 100% á entrega do suministro/instalación mediante efecto bancario aceptado e domiciliado, a un máximo de 60 días da data da factura, que poderá ser substituído por pagaré.
- Pedidos superiores a 10.000 €: 30% á aceptación do pedido, 70% á entrega do suministro/instalación mediante efecto bancario aceptado e domiciliado, a un máximo de 60 días da data da factura, que poderá ser substituído por pagaré.

8. Traballos non incluídos

No caso de subministro ou montaxe por conta de SANDE Y DÍAZ, S.L. serán por conta do cliente, salvo indicación expresa na oferta:

- Preparación dos accesos á ubicación da instalación para camión e guindastre.
- Permisos e/ou licenzas de calquera condición.
- Obra civil e urbanización, incluíndo canalizacións.
- Axudas de albanelería precisas para a montaxe.
- Control de mostras e analíticas de auga.
- Acometida eléctrica, e conexión con compañía subministradora.
- Guindastres e medios de elevación.
- Transportes de material dende fábrica ata a ubicación da instalación.
- Medios de protección colectivos, como andamiaxes, etc.
- Realización de estudos e proxectos.
- Mantemento.

9. Garantías

As mercadorías subministradas contan co período de garantía que ofrece o seu fabricante, que como mínimo será de 12 meses, a partir da entrega ou posta a disposición do subministro. O vendedor garante que a mercadoría corresponderá no intre da entrega ás características pactadas carecendo de calquera defecto físico nos seus materiais ou elaboración. O vendedor comprométese a substituír ou a reparar calquera peza ou compoñente avariado como consecuencia dun defecto de fabricación ou calidade deficiente do material.

O vendedor non será responsable de ningún tipo de dano engadido por mor da falla de conformidade da mercadoría subministrada. A garantía non cobre os gastos de transporte nin desprazamiento ou traballo de persoal, agás acordo expreso.

O vendedor non será responsable dos defectos da mercadoría que proveñan dun uso anormal desta, mal uso, falla de mantemento, danos intencionados, condicións anormais de traballo ou instalación, mal conexiónado eléctrico, defectos de montaxe, inobservancia das instrucións dadas polo vendedor e reparacións ou manipulación incorrecta da mercadoría sen a aprobación do vendedor ou por persoal alleo ou non autorizado por SANDE Y DÍAZ, S.L. Tampouco cobre danos por auga debidos a descoidos do adquirente nin pezas sometidas a desgaste normal. A garantía non será válida cando exista un impago, aínda que sexa parcial, sobre o subministro, cando existan modificacións sobre o equipo orixinal executadas por persoal alleo ou non autorizado por SANDE Y DÍAZ, S.L., ou ó vencemento do período establecido.

No suposto de mercadorías das que, segundo as presentes condicións deba responder o vendedor, poderá iste optar libremente entre repoñe-la mercadoría defectuosa, ou a parte afectada polo defecto, ou devolve-lo prezo da mercadoría defectuosa ou a parte do prezo correspondente á parte afectada polo defecto.

10. Impagos

No caso de impago por parte do cliente do prezo da compravenda ou execución de calquera traballo ou servizo prestado por SANDE Y DÍAZ, S.L., a cantidade adebedada devengará dende a data do seu vencemento un xuro anual de EURIBOR + 7 puntos porcentuais, segundo o disposto no artigo 7 da Lei 3/2004 pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, sen que sexa preciso previo requerimento de pago nin notificación algunha.

11. Renuncia de dereitos



Os dereitos do Vendedor non se entenderán renunciados pola concesión de aprazamentos ou outro tipo de indulxencias, ou pola falla do exercicio das accións derivadas das mesmas.

12. Indemnización por custes de cobro

Ante o impago do cliente, quedará facultada SANDE Y DÍAZ, S.L. para optar entre esixir-lo pago da cantidade pendente cos xuros e penalizacións correspondentes ou resolver-lo contrato cunha simple notificación certificada, con acuse de recibo, poidendo, neste caso, reclama-la devolución en perfecto estado de traballo e sen uso do ben subministrado, con independencia das indemnizacións que por dereito poideran corresponderlle. SANDE Y DÍAZ, S.L. quedará facultado para imputar ó cliente tódolos gastos debidamente acreditados, incluídos os gastos xudiciais, derivados do cobro de cantidades adebedadas ou da resolución do contrato, cos límites legais establecidos.

13. Insolvencia do comprador

SANDE Y DÍAZ, S.L. resérvase o dereito de esixir-lo íntegro pago en efectivo antes de efectuar a posta a disposición se o comprador iniciara, o se outros iniciaran contra él, calquera procedemento de concurso de acreedores, ou se no intre no que o subministro estea preparado para a posta a disposición, a situación financeira do comprador non ofrecera, en apreciación do vendedor seguridade en canto ós termos de pago establecidos. Neste caso, se o pago non se recibira nun prazo de 15 días naturais logo da notificación de dispoñibilidade, SANDE Y DÍAZ, S.L. poderá resolver-lo contrato.

14. Custodia de mercadoría

SANDE Y DÍAZ, S.L. é responsable da custodia dos materiais obxecto de subministro namentres permanezan nas súas instalacións ou nas dos seus provedores. Logo de entregado o material ó cliente ou ó transportista, a custodia do mesmo é exclusivamente responsabilidade do cliente, o cal deberá proveerse dos medios axeitados de vixilancia e seguridade. O anterior será de aplicación aínda no caso de que os subministros deban ser instalados por SANDE Y DÍAZ, S.L. en ubicación pactada, aínda cando ista no estea rematada.

15. Suspensión e resolución do contrato

O vendedor resérvase o dereito de suspender-lo contrato ou instar a súa resolución no caso de incumprimento por parte do comprador do disposto nalgunha das súas cláusulas ou nas presentes condicións xerais, co dereito nambolosdous casos a ser resarcido dos danos e prexuízos sufridos consecuencia dese incumprimento, e sen prexuízo das penalizacións aplicables contempladas no presente documento. No caso de resolución do contrato por parte do comprador logo de iniciádo-los acopios, iste terá que aboar ó vendedor, os traballos efectuados ata a data da súa notificación escrita, liquidándose os equipos subministrados ou en fase de fabricación e os traballos de montaxe realizados.

Se calquera disposición destas condicións fora declarada nula ou fose imposible a súa aplicación por oposición a normas de imperativo legal, a relación contractual seguirá rexíndose polas demais condicións.

16. Devolucións

SANDE Y DÍAZ, S.L. resérvase o dereito de aceptar ou non devolucións do material subministrado, salvo no caso de aplicación de garantía. No seu caso, só se aceptará material sen uso, embalado e en perfecto estado, e será por conta do cliente o seu transporte ata o local do vendedor. SANDE Y DÍAZ, S.L. cobrará ó cliente o 10% do valor do pedido en concepto de gastos de devolución.

17. Lexislación aplicable e xurisdicción

Os termos e condicións que rixen estas Condicións Xerais de Venda, así como as relacións que poideran derivarse das mesmas, están protexidas e quedan suxeitas ó disposto pola lexislación española. Para a resolución de calquera tipo de controversia, litixio ou discrepancia que poidera suscitarse entre o cliente e SANDE Y DÍAZ, S.L., someteranse, para a resolución dos mesmos, á xurisdicción e competencia dos Xulgados e Tribunais da Coruña (España), con renuncia expresa do cliente ó foro que, no seu caso, poidera corresponderlle.



18. Nulidade e ineficacia das cláusulas

Se calquera cláusula das presentes condicións xerais fose declarada, total ou parcialmente, nula ou ineficaz, esa nulidade ou ineficacia afectará só a esa disposición ou parte da mesma que resulte nula ou ineficaz, subsistindo en todo o demais o resto de condicións xerais e téndose, tal disposición ou parte da mesma que resulte afectada, por non posta, agás que, por resultar esencial ás presentes condicións xerais, sexan afectadas de xeito íntegro.

A Coruña, maio de 2013

Asdo.: Pablo Sande,
Dirección
SANDE Y DÍAZ, S.L.



Rúa Nóvoa Santos, 11, baixo
15006 A Coruña (Galicia, España)
Tel. +34 981 174 209. Fax: + 34 981 174 472
CIF: B15033558
www.sandeydiaz.com
sandeydiaz@sandeydiaz.com